

Organismo:

Capítulo	
Epígrafe	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Anuncio do 18 de xuño de 2018, da Delegación da Axencia Tributaria de Galicia de Lugo, polo que se comunica a realización da poxa pública dos bens / dereitos que se describen.

O día 31 de xullo de 2018, ás 10.00 horas, na sala de xuntas do edificio administrativo da Xunta de Lugo, (sito na Ronda da Muralla, 70) terá lugar a poxa pública dos bens / dereitos que se describen a continuación:

Lote	Descrición	Valor	Cargas	Tipo 1 <sup>a</sup>	Tramos
Lote 1.Único	FINCA 5711.- TOMO 462, LIBRO 41, FOLIO 87.- URBANA.- LOCAL, sito na entreplanta do edificio da rúa Andrés López Palmeiro, da vila de Ferreira de Valadouro, cunha superficie aproximada de oitenta e sete metros cadrados e composto dunha nave corrida. Ref. Catastral 6132001 PJ2263 S0002 SK. TITULARIDADE: Abilio Manuel Albes Novo, 100 % do pleno dominio por título de compravenda.	33.686,40	Sen Cargas	33.686,40	400,00 €
Lote 2.Único	FINCA 23.681.- TOMO 468, LIBRO 216, FOLIO 29.- URBANA.- PISO, segundo D no portal A de o edificio sito na Avenida Terra Chá, na vila de Vilalba. Ocupa a superficie útil aproximada de setenta e nove metros e noventa decímetros cadrados. Ref. Catastral 8045904 PH0987 N00200PT. Correspóndenlle como anejos: Un rocho en soto - 1, sinalado co número T09; e unha praza de garaxe en soto - 2, sinalada co número G21. TITULARIDADE: Noemí María Arias Villamor, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de compravenda.	79.679,10	76.666,46	3.012,64	100,00 €
Lote 3.1	FINCA 118.397.- TOMO 1826, LIBRO 1387, FOLIO 63.- URBANA.- Finca sita en Lugo, Avenida da Coruña 379, " Leira de Garabolos" que ocupa a superficie de trescentos trece metros e oitenta decímetros cadrados.	344.250,00	440.383,52	27.079,39	200,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1 <sup>a</sup>	Tramos
	Sobre esta leira existe a seguinte edificación destinada a vivenda que consta de planta baixa cunha superficie de cento trinta e oito metros cadrados e planta primeira e baixo cuberta que forman vivenda tipo dúplex coa superficie de douscentos corenta e oito metros cadrados. Ref. catastral 6750017 PH1665 S0001 WY. TITULARIDADE: Chaos 7 Mas 7 SL, pleno dominio por título de compravenda.				
Lote 3.2	FINCA 51.646.- TOMO 1006, LIBRO 567, FOLIO 1.- URBANA.- NAVE INDUSTRIAL na rúa dos Transportes 3, no Polígono do Ceao, en Lugo. Consta dunha soa planta que ocupa a superficie de mil cen metros cadrados construídos. Ref. Catastral 7171004 PH1677 S0001 WZ. TITULARIDADE: Chaos 7 Mas 7 SL, pleno dominio por título de compra.	525.931,56	1.239.909,02	48.150,43	400,00 €
Lote 3.3	FINCA 34.136.- TOMO 843, LIBRO 423, FOLIO 129.- URBANA.- VIVENDA, letra L na segunda planta do edificio sito na rúa Miguel de Cervantes 72, na cidade de Lugo. Ocupa a superficie útil de cento seis metros e dezasete metros cadrados. TITULARIDADE: Chaos 7 Mas 7 SL, pleno dominio por título de compravenda.	128.850,57	Sen Cargas	128.850,57	1.000,00 €
Lote 4.Único	FINCA 13.268.- TOMO 289, LIBRO 129, FOLIO 17.- URBANA.- NAVE INDUSTRIAL, de planta baixa sita na parcela P-52 do Polígono Industrial de Vilalba. Ocupa a superficie total construída de setecentos vinte e tres metros cadrados e ocupa nel terreo setecentos vinte e tres metros cadrados. Ref. Catastral 8564517 PH0986 S0001 RA. TITULARIDADE: Gruas El Astillero SL, 100% do pleno dominio por título de compravenda e Obra Nova.	226.226,70	70.094,33	156.132,37 €	1.000,00 €
Lote 5.Único	FINCA 26260. URBANA.- ALMACÉN-ESTACIONAMENTO sito no edificio da rúa Diego Pazos 89, na vila de Sarria. Ocupa a superficie de trinta e dous metros cadrados. Ref. Catastral 0281702 PH3308 S0042 MW. TITULARIDADE: Francisco Javier López Somoza, 100 % de propiedade.	7.027,48	Sen Cargas	7.027,48	100,00 €
Lote 6.1	FINCA 52.941.- TOMO 1024, LIBRO 585, FOLIO 114.- URBANA.- LOCAL COMERCIAL, na planta baixa da casa sinalada co número 18 da estrada de Hombreiro, na cidade de Lugo. Ocupa a superficie útil de douscentos nove metros e cincuenta e seis decímetros cadrados. Ref. Catastral 6934907 PH1663 S0003 EB. TITULARIDADE: Mercedes Núñez Arias, nuda	256.029,93	56.326,58	199.703,35	1.000,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1ª	Tramos
	propiedade con carácter privativo, por título de doazón..				
Lote 6.2	FINCA 52.967.- TOMO 1792, LIBRO 1353, FOLIO 92.- URBANA.- PISO sétimo da casa sinalada co número 18 na estrada de Hombreiro, na cidade de Lugo. Ocupa a superficie útil de oitenta e nove metros e noventa e cinco decímetros cadrados. Correspóndelle como anejo inseparable o rocho en planta faiado. Ref. Catastral 6934907 PH1663 S0014 AT. TITULARIDADE: Mercedes Núñez Arias, pleno dominio por título de doazón. Sentenza 388 Xulgado Primeira instancia nº6 de demolición de construción sobre terraza.	157.228,58	Sen Cargas	157.228,58	1.000,00 €
Lote 6.3	FINCA 75.444.- TOMO 1864, LIBRO 1425, FOLIO 197.- URBANA.- PISO, quinto centro, ou letra B, no edificio sito na Rúa Azalea facendo esquina coa rúa Río Ulla. Ocupa a superficie útil de oitenta e seis metros e vinte e catro decímetros cadrados. Ref. Catastral 6934916 PH1663 S0034 PL. TITULARIDADE: Mercedes Núñez Arias, nuda propiedade por título de apartación.	146.823,60	70.588,61	76.234,99	1.000,00 €
Lote 6.4	FINCA 116.218 N.- TOMO 1779, LIBRO 1340, FOLIO 168.- URBANA.- LOCAL COMERCIAL, en parte da planta baixa do edificio sinalado co número 10, da rúa Álvaro Gil e números 61-63-65, da rúa dona Urraca na cidade de Lugo. Ocupa a superficie útil aproximada de cincocentos dez metros e trinta decímetros cadrados. TITULARIDADE: Mercedes Núñez Arias, nuda propiedade por título de apartación.	217.571,51	47.865,73	169.705,77	1.000,00 €
Lote 7.Único	FINCA 20.256.- TOMO 613, LIBRO 225, FOLIO 139.- URBANA.- VIVENDA, sita na quinta planta alta do edificio sinalado co número 7 da rúa Inés de Castro, na vila de Monforte de Lemos. Ocupa a superficie construída de cen metros cadrados. Ref. Catastral 2388216 PH2028 N0008 KX. TITULARIDADE: José Antonio Rodríguez Rodríguez, 100% do pleno dominio con carácter privativo por título de compravenda.	74.232,00	24.930,02	49.301,99	400,00 €
Lote 8.Único	FINCA 13.424.- TOMO 720, LIBRO 129, FOLIO 219.- URBANA.- LOCAL, na planta baixa, porta B no edificio da rúa Valle Inclan, 8 no Saviñao. Ocupa a superficie de 13,10 metros cadrados. Ref: Catastral 1612804 PH1111 S0003 SP. TITULARIDADE: Trinidad Trenas Martín, 100 % pleno dominio por título de compravenda con carácter ganancial.	10.197,00	12.576,46	10.197,00	100,00 €
Lote 9.1	FINCA 7830.- TOMO 1754, LIBRO 1315, FOLIO 184.-	377.050,00	27.532,62	349.517,38	2.000,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1ª	Tramos
	URBANA.- CASA, sinalada co número 1 da rúa do Miño na cidade de Lugo. Consta de planta baixa, dous pisos altos e faiado e ocupa a superficie, co patio que lle é adherente pola parte posterior, de oitenta metros cadrados. TITULARIDADE: Xaime da Pena Ceide, pleno dominio con carácter privativo.				
Lote 9.2	FINCA 59.406.- TOMO 1266, LIBRO 827, FOLIO 93.- URBANA, que é o resto da parcela da finca denominada "DOS LOUREIROS", na cidade de Lugo, da superficie de cincocentos corenta e tres metros e trinta decímetros cadrados; en cuxa superficie se inclúe a dunha casa de planta baixa e piso alto, que ocupa cento trinta e dous metros cadrados, construída en pedra e cuberta de madeira e laxa, que dá ao Carril dos Loureiros, sen número. TITULARIDADE: Xaime da Pena Ceide, pleno dominio con carácter ganancial, por título de compra.	770.531,94	69.258,24	701.273,70	2.000,00 €
Lote 9.3	FINCA 49.682 N.- TOMO 992, LIBRO 553, FOLIO 123.- URBANA.- Piso primeiro do edificio sito na rúa da Raíña, 5 da cidade de Lugo. Ocupa a superficie construída de cento dez metros cadrados. Ref. Catastral 7832010 PH1673D0007 TX. TITULARIDADE: Xaime da Pena Ceide, con carácter ganancial, por título de compra.	231.244,20	81.322,73	149.921,47	1.000,00 €
Lote 9.4	FINCA 93.708.- TOMO 2213, LIBRO 2213, FOLIO 70.- URBANA.- VIVENDA, na cuarta planta, porta dereita do edificio sito na rúa Orzán 123 na cidade da Coruña. Ocupa a superficie útil de corenta e dous metros e corenta e sete decímetros cadrados. TITULARIDADE: Xaime da Pena Ceide, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de compra.	125.333,22	116.385,77	8.947,45	200,00 €
Lote 10.1	FINCA 1190.- TOMO 627.- LIBRO 28.- FOLIO 43.- URBANA. Casa en estado ruinoso sita no lugar da Casilla da parroquia de Présaras, no municipio de Vilasantar. Formada por planta baixa e alta duns corenta metros cadrados. Unida a ela pola zona Este e Sur, ten un terreo "a inculto" de cincocentos catorce metros cadrados. TITULARIDADE: Antonio Carlos Carballo Gayoso, 100% pleno dominio con carácter privativo, por título de adxudicación en poxa xudicial.	129.524,07	Sen cargas	129.524,07	1.000,00 €
Lote 10.2	FINCA 13.186. URBANA, sita no lugar de Brión- Buño, municipio de Malpica de Bergantiños. Parcela cun único	198.822,21	Sen cargas	198.822,21	1.000,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1 <sup>a</sup>	Tramos
	inmoble que ocupa a superficie construída de douscentos cincuenta e seis metros cadrados e composta de planta baixa, planta primeira e planta baixa. Ref. Catastral 9904104 NH1990 S0001 FQ. TITULARIDADE: Antonio Carlos Carballo Gayoso, pleno dominio por título de compravenda.				
Lote 10.3	FINCA 27.760.- TOMO 469, LIBRO 208, FOLIO 200.- URBANA.- " EIDO DÁ CERQUEIRA", terreo de novecentos corenta e cinco metros cadrados sobre o que se construíu unha VIVENDA UNIFAMILIAR no Camiño de Muiño Porto, 29 barrio de Costeira, parroquia de Quintela, municipio de Redondela. Composta de planta baixa e primeira cunha superficie construída total de douscentos vinte e un metros con setenta e sete decímetros cadrados. Ref. catastral 36045A029002290000 WI. TITULARIDADE: Antonio Carlos Carballo Gayoso, 2/3 partes indivisas do pleno dominio e 1/3 partes indivisas da nuda propiedade, con carácter privativo por título de herdanza.	219.281,71	24.120,99	195.160,72	1.000,00 €
Lote 11.1	FINCA 22.666.- TOMO 1435, LIBRO 996, FOLIO 14.- URBANA.- Conxunto formado por unha porción de soto, de setenta e dous metros cadrados e pola planta baixa ou primeira da superficie de cento trinta e nove metros cadrados e que en conxunto ten a superficie de douscentos once metros cadrados e sito na rúa Ancares 48, na cidade de Lugo. TITULARIDADE: José Javier Torres Fernández, pleno dominio, por título de compravenda, con carácter privativo.	126.816,25	50.608,20	76.208,05	1.000,00 €
Lote 11.2	FINCA 81.351 N.- TOMO 1243, LIBRO 804, FOLIO 67.- URBANA.- LOCAL COMERCIAL, na planta baixa ou primeira da casa sinalada co número 42 na rúa Sierra de Ancares da cidade de Lugo. Ocupa a superficie aproximada de oitenta e catro metros cadrados. Correspóndelle como anejo porción de terreo na parte traseira que mide corenta e dous metros cadrados aproximadamente. TITULARIDADE: José Javier Torres Fernández, pleno dominio, por título de compra.	65.024,40	43.915,78	21.108,62	200,00 €
Lote 11.3	½ FINCA 93.205 N.- TOMO 1372, LIBRO 933, FOLIO 221.- URBANA.- VIVENDA, na entreplanta da casa sinalada co número 20, na rúa Río Navia, esquina rúa do Prado, na cidade de Lugo. Ocupa a superficie aproximada de noventa metros cadrados. TITULARIDADE: José Javier Torres Fernández,	54.590,62	87.665,04	4.956,13	200,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1 <sup>a</sup>	Tramos
	metade indivisa, por título de compra.				
Lote 12.Único	300 participacións da sociedade GENEROS DE PUNTO LANLO SLU CON CIF: B27455278 que representan o 100 % do capital social.	30.000,00	Sen cargas	30.000,00	400,00 €
Lote 13.1	FINCA 52.084 N.- TOMO 1007, LIBRO 568, FOLIO 119.- URBANA.- VIVENDA, tipo I na planta terceira alta do edificio con fronte á rúa das Flores, denominado edificio San Pedro na rúa das Flores e Montero Ríos na cidade de Lugo. Ocupa a superficie útil aproximada de setenta e tres metros e noventa e catro decímetros cadrados. Correspóndelle como anexo o rocho na planta de semi-soto e sinalado con 3º. TITULARIDADE: María Boizán Rego, metade indivisa con carácter privativo por título de compra. Ref. Catastral 8233039 PH1683 S01131 IG.	80.181,78	19.081,57	61.100,21	400,00 €
Lote 13.2	FINCA 51.922 N.- TOMO 1007, LIBRO 568, FOLIO 38.- URBANA.- PRAZA DE GARAXE, sinalada co número 35 na planta de semisótano do edificio denominado San Pedro na rúa das Flores e Montero Ríos na cidade de Lugo. TITULARIDADE: María Boizán Rego, metade indivisa con carácter privativo por título de compra. Ref. Catastral 8233039 PH1683 S0035 ZT.	7.556,62	12.727,20	7.556,62	200,00 €
Lote 13.3	FINCA 7047-33 G.- TOMO 1696, LIBRO 167, FOLIO 181.- URBANA.- PRAZA DE GARAXE, sinalada co número 33 na planta de semisótano do edificio sito na Avenida General Sanjurjo 234-236 na cidade da Coruña. TITULARIDADE: María Boizán Rego, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de compra.	5.730,31	Sen cargas	5.730,31	200,00€
Lote 14.Único	FINCA 29.765.- TOMO 718, LIBRO 289, FOLIO 103.- URBANA.- VIVENDA, piso primeiro A en o edificio sito na rúa Benigno Quiroga 47 - 49 en Proba de San Xulián, municipio de Láncara. Ocupa a superficie útil de setenta e catro metros e noventa decímetros cadrados. Correspóndelle como anexo o rocho sinalado co número 6 na planta baixo cuberta. Ref. Catastral 7072506 PH2477 S0005 AIRE. TITULARIDADE: José Antonio Vázquez Pérez, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de compra.	72.800,29	28.140,45	44.659,84	400,00 €
Lote 15.1	FINCA 6615.- TOMO 430, LIBRO 65, FOLIO 125.- URBANA.- VIVENDA, piso primeiro A en o edificio sito na rúa Benigno Quiroga 47 - 49 en Proba de San Xulián, municipio de Láncara. Ocupa a superficie útil de	54.319,16	27.569,72	26.749,44	200,00 €

Lote	Descripción	Valor	Cargas	Tipo 1ª	Tramos
	setenta e catro metros e noventa decímetros cadrados. Correspóndelle como anexo o rocho sinalado co número 6 na planta baixo cuberta. Ref. Catastral 7072506 PH2477 S0005 AIRE. TITULARIDADE: José Antonio Vázquez Pérez, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de compra.				
Lote 15.2	FINCA 6836.- TOMO 452, LIBRO 67, FOLIO 146.- URBANA.- " CORTIÑA DO CAMPO", a labradío secaño pechado sobre si e sita en Ariz, parroquia de Pobo de San Xulián, municipio de Láncara. Ocupa a superficie duns cinco mil setecentos noventa e sete metros con sete decímetros cadrados. Ref. Catastral 27026A003000540001 XY. TITULARIDADE: José Antonio Vázquez Pérez, 100% do pleno dominio con carácter ganancial por título de achega.	142.372,81	Sen Cargas	142.372,81	1.000,00 €

De conformidade co disposto no artigo 101 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, faise constar:

a) Están a disposición dos interesados na Zona de Recadación de Lugo, rua Conde, 30 baixo, onde poden ser examinados ata o día anterior ao da poxa, os expedientes de constrinximento nos que constan os títulos de propiedade dos bens ou dereitos poxados e o estado das súas cargas e gravames, cos que haberá de se conformar, sen ter dereito a esixir outros.

b) Cando se trate de bens ou dereitos inscribibles nos rexistros públicos, os licitadores non poderán esixir outros títulos de propiedade que os achegados no expediente; que, de non estar inscritos os bens ou dereitos no rexistro, o documento público de venda é título mediante o que pode efectuarse a inmatriculación nos termos previstos na lexislación hipotecaria, e que, nos demais casos nos que sexa preciso, haberán de proceder, se lles interesa, como dispón o título VI da Lei Hipotecaria para levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica.

c) As cargas e gravames que subsistisen ao crédito dos executantes continuarán subsistindo, entendéndose que o rematante os acepta e queda subrogado nas súas responsabilidades, sen destinarse á súa extinción o prezo do remate.

d) No tipo da poxa non se inclúen os impostos indirectos que graven a transmisión dos bens ou dereitos.

e) Obriga de constituir ante a Mesa da poxa, con anterioridade a súa celebración, un depósito do 20% do tipo da poxa. De forma motivada poderá reducirse este depósito ata un mínimo do 10 por cento. Se os adxudicatarios non satisfán o prezo do remate, o dito depósito aplicarase á cancelación da débeda, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerán polos prexuízos que orixine a falta de pago do prezo do remate.

O depósito constituirase mediante cheque que cumpla os requisitos establecidos no artigo 35.1 do Regulamento xeral de recadación ou por calquera outro medio que se habilite para o efecto.

f) A poxa suspenderase en calquera momento anterior á adxudicación de bens ou dereitos se fai o pago da contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria.

g) O adxudicatario entregará, no acto da adxudicación ou dentro dos 15 días seguintes, a diferenza entre o depósito constituido e o prezo da adxudicación.

h) Admitiranse ofertas en sobre pechado. Neste caso a Mesa de poxa substituirá aos licitadores, puxando por eles na forma prevista para o efecto.

i) Logo da celebración da primeira licitación, a Mesa poderá acordar a celebración dunha segunda licitación, previa deliberación da súa conveniencia. Neste caso admitiranse poxas que cubran o novo tipo, que será o 75 por cento do tipo da poxa na primeira licitación.



j) De conformidade co disposto no artigo 107 do Regulamento Xeral de Recadación, e de quedar bens sen adxudicar, iniciárase o trámite de adxudicación directa por prazo de seis meses, podéndose presentar ofertas en sobre pechado a partir dese momento á Mesa da poxa.

A Mesa da poxa abrirá as ofertas presentadas ao remate do prazo do mes dende o do seu inicio, podendo proceder á adxudicación dos bens se algunha delas se considera suficiente nese momento. En caso contrario, anunciarase a extensión dun mes máis para a presentación de novas ofertas ou mellora das xa existentes, sen prexuízo da validez das ofertas presentadas ata ese momento; e así sucesivamente, co límite total de seis meses.

Lugo, 18 de xuño de 2018

Gonzalo Vázquez Rivas

Delegado da Axencia Tributaria de Galicia de Lugo e Presidente da Mesa